

-Necesidades financeiras das empresas participadas por *Gallega de Economía Social, S.L.* ata un máximo de 785.000 € e segundo o seguinte esquema:

* Cancelación de débedas coa *Confederación Galega de Minusválidos (Cogami)*, ata un máximo de 196.000 €.

* Necesidades de circulante e investimentos, ata un máximo de 589.000 €.

3. Condicións da disposición.

-As disposicións realizaranse, logo da solicitude dirixida á Subdirección de Programas de Acceso ao Crédito do Igape, antes do 31 de decembro de 2005.

-Para importes destinados ao financiamento das sociedades do grupo e con carácter previo á disposición deberá achegarse copia do contrato de préstamo, que se formalizará para tal efecto entre *Gallega de Economía Social, S.L.* e a sociedade prestameira.

4. Tipo de xuro.

O tipo de xuro variará por semestres naturais e determinarase de acordo coa seguinte norma:

a) Tipo de referencia: para o primeiro semestre de cada ano calcularase como a media aritmética simple dos tipos diarios do Euríbor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de novembro do ano anterior. Para o segundo semestre será a media aritmética simple dos tipos diarios do Euríbor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de maio do mesmo ano.

b) Tipo adicional: 0,50 puntos porcentuais.

c) O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirle ao tipo de referencia o tipo adicional. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

d) Para os efectos deste acordo, enténdese por Euríbor (*Euro Interbank Offered Rate*, isto é, tipo interbancario ofrecido en euros) a prazo de seis meses, o tipo de xuro para depósitos interbancarios en euros ao devandito prazo publicado pola *Federación Bancaria Europea* ou pola entidade pública ou privada, española ou da Unión Europea, designada para tal efecto.

e) No caso de que desaparecese o Euríbor, o tipo de xuro de referencia calcularase segundo o disposto no contrato de préstamo ou, supletoriamente, segundo as disposicións que para tal efecto publique o Igape no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Liquidacións de xuros.

A liquidación dos xuros realizarase ao final de cada semestre natural, os días 30 de xuño e 31 de decembro.

6. Amortización.

O capital amortizarase mediante cotas constantes de principal, que se aboarán semestralmente, ao final de cada semestre natural os días 30 de xuño e 31 de decembro, sendo a última irregular e coincidente co día de vencemento do préstamo.

7. Prazo para formalizar.

4 meses desde a notificación do acordo de concesión.

8. Outras obrigas.

Mentres a operación de préstamo se encontre en vigor e para os efectos de realizar o seguimento do risco desta, a empresa beneficiaria deberá remitirle de forma periódica ao Igape a documentación que se relaciona a seguir:

a) Con periodicidade semestral e un prazo de 30 días desde a finalización de cada semestre:

-Certificación emitida polo representante da empresa con indicación dos cambios na súa estrutura accionarial e os cambios producidos na xerencia, administración ou órganos de goberno, desde a última comunicación.

-Balance de situación e conta de perdas e ganancias de *Gallega de Economía Social, S.L.* e de *Confederación Galega de Minusválidos (Cogami)*.

-Certificados da situación de débedas coa Seguridade Social, Facenda Pública e Xunta de Galicia, emitidos polos correspondentes organismos.

b) Con periodicidade anual e nun prazo de 30 días contados a partir da data de aprobación das contas anuais:

-Contas anuais asinadas polos representantes da empresa e, no caso de que a empresa estea obrigada a realizar auditoría, copia do informe de auditoría correspondente.

-Copia dos balances e contas de resultados consolidadas do grupo.

Artigo 2º

Autorízase o Igape, dentro dos límites establecidos no artigo primeiro deste decreto, a fixar os demais termos e condicións do contrato de préstamo que foren precisos.

Santiago de Compostela, catorce de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de abril de 2005 pola que se regula a proba de acceso ao grao elemental das ensinanzas de música.

O Real decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música, establece no seu artigo 14.1º que as administracións educativas poderán establecer criterios de ingreso ao grao elemental, que terán en conta, entre outras circunstancias, a idade idónea para iniciar as ensinanzas.

En desenvolvemento da norma citada no parágrafo anterior, o Decreto 253/1993, do 29 de xullo, establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos. Dado o carácter xeral desta normativa autonómica na regulación da proba de referencia, cómpre ditar as concretas normas de desenvolvemento para a súa aplicación nos centros que impartan o grao elemental de música en Galicia, coa finalidade de acadar a necesaria obxectividade e unidade na organización e valoración das mencionadas probas polos centros autorizados.

En consecuencia co exposto e en virtude da autorización prevista na disposición derradeira primeira do precitado Decreto 253/1993, do 29 de xullo,

DISPOÑO:

Disposicións xerais

Artigo 1º

Os centros da Comunidade Autónoma de Galicia que estean autorizados para impartir o grao elemental das ensinanzas de música establecidas no Decreto 253/1993, do 29 de xullo, desenvolverán a proba de acceso ao dito grao de acordo co disposto nese decreto e co regulado nesta orde.

Artigo 2º

1. Os centros que estean autorizados para impartir o grao elemental das ensinanzas de música solicitaránlle, antes do 15 de abril de cada ano, á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a autorización do procedemento de ingreso no grao elemental de música, atendendo aos seus proxectos curriculares e á normativa que regula o currículo destas ensinanzas. A autorización será válida para anos posteriores, sempre que o procedemento de acceso non se modifique.

2. Así mesmo, antes do 15 de abril de cada ano, os centros deberán remitirle á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a relación de prazas ofertadas para o primeiro curso de grao elemental. Para estes efectos, cada centro debe ofrecer o número dispoñible en función dos recursos do centro.

Artigo 3º

1. Para a adecuada organización destas probas, os conservatorios e os centros autorizados abrirán un prazo para que os interesados poidan inscribirse nas secretarías dos centros onde pretendan acceder, especificando o curso e a especialidade pola que optan.

2. Os centros farán pública toda a información pormenorizada sobre o contido das diferentes probas, a súa estrutura, listas orientativas de obras, características dos exercicios, criterios de cualificación ponderados, de ser o caso, e outros aspectos que describan as características e o nivel de dificultade para o acceso a cada un dos cursos e especialidades.

Artigo 4º

1. Todas as probas de acceso aos centros realízanse nunha única convocatoria anual, unha vez establecida a oferta de prazas vacantes.

2. As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental levaranse a cabo na segunda quincena do mes de xuño. As probas de acceso a segundo,

terceiro e cuarto do grao elemental realizaranse durante a primeira quincena do mes de setembro.

Acceso aos estudos de primeiro curso do grao elemental

Artigo 5º

1. Os aspirantes para ingresar no primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso a este, non computándose, para estes efectos, as probas en que se obtivo a puntuación mínima para acceder a este grao.

2. O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais dos interesados e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais.

3. A proba para avaliar as aptitudes musicais incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Exercicios para avaliar a aptitude rítmica.
- b) Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal.
- c) Exercicios para avaliar a aptitude de psicomotricidade.

3. A realización destes exercicios efectuarase de xeito que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente. Así mesmo, cada centro poderá incluír no seu procedemento de acceso unha ponderación en relación á idade dos aspirantes.

4. A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

5. Os aspirantes que non obtivesen praza na especialidade instrumental solicitada, poderán elixir outra de acordo coas súas preferencias entre as que existan prazas vacantes. Para estes efectos, os aspirantes que elixan a nova especialidade perderán toda posibilidade de escoller a especialidade solicitada no momento da inscrición na proba.

6. A proba a que se refire este artigo será xulgada por tribunais, que estarán formados por profesores do Departamento de Linguaxe Musical e dos diferentes departamentos de cada especialidade, e serán nomeados polo director do centro.

Acceso a outros cursos do grao elemental

Artigo 6º

1. Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que a idade do interesado estea comprendida nos límites establecidos no artigo 19 do Decreto 253/1993, do 29 de xullo, e se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outro curso do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.

2. Os aspirantes para ingresar noutros cursos do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso a cada un destes, sempre que a permanencia neste grao non supere os límites establecidos no artigo 16 do citado Decreto 253/1993, do 29 de xullo.

3. En relación ao punto anterior, non se computarán as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para o acceso aos ditos cursos do grao elemental.

4. Estas probas avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos para continuar os estudos nas distintas especialidades instrumentais para as que se solicita a praza.

5. As probas para todas as especialidades constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio. Para todas as especialidades, a proba consistirá en:

a) Interpretación, no instrumento da especialidade á cal se opte, de dúas obras de libre elección.

b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

6. No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

a) Interpretación instrumental: 60%.

b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%.

7. A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

8. Para a realización destas probas constituirase un só tribunal por especialidade e curso, que avaliará todos os exercicios propostos. Estará composto por tres membros, dos cales, polo menos, un pertencerá á especialidade que se convoca ou, no seu defecto, a unha especialidade afín, e outro pertencerá á especialidade de linguaxe musical.

9. Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán achegar o/s seu/s músico/s acompañante/s.

10. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame.

Cambio de especialidade instrumental

Artigo 7º

1. Os alumnos que desexen presentarse a un cambio de especialidade instrumental, poderán facelo sempre que concorran á proba de acceso a un curso superior ao cal estivesen matriculados. En calquera caso, o acceso á nova especialidade estará suxeita á existencia de prazas vacantes na dita especialidade.

2. As probas para cambio de especialidade faranse de acordo co establecido no artigo 6º desta orde. Así mesmo, estes aspirantes estarán sometidos aos límites de permanencia para o grao elemental, establecidos no precitado artigo 16 do Decreto 253/1993, do 29 de xullo.

Superación das probas e matrícula

Artigo 8º

1. A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano no que se realiza esta. Para estes efectos, os alumnos que, unha vez matriculados, se trasladen de centro por matrícula viva non terán que volver realizar a proba.

2. Para os efectos dunha distribución homoxénea das distintas especialidades, poderase obter praza e realizar a matrícula nun só curso e especialidade.

3. Os aspirantes que, tendo superado as probas, non sexan admitidos pasarán a relacionarse nunha lista de espera para efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante. A dita lista só terá validez para a convocatoria a que se presente o aspirante, non tendo efectos para convocatorias posteriores.

Artigo 9º

1. As cualificacións referidas á proba de acceso ao primeiro curso do grao elemental consignaranse nas actas segundo o modelo que figura no anexo I desta orde.

2. As cualificacións referidas á proba de acceso a outros cursos do grao elemental ou de cambio de especialidade consignaranse nas actas, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde, de xeito ponderado e desagregados, e cunha cualificación final global que será a puntuación definitiva da proba.

Procedemento de reclamación da cualificación da proba de acceso

Artigo 10º

1. Os alumnos ou os seus representantes legais poderán reclamar, ante a dirección do centro, nun prazo de cinco días hábiles, contra a cualificación da proba de acceso.

2. O director do centro solicitaralle ao tribunal avaliador a información pertinente. O director resolverá a reclamación presentada no prazo de cinco días naturais.

3. Contra esta resolución o interesado poderá interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o delegado provincial correspondente que, logo do informe da Inspección Educativa, acordará a resolución que proceda.

4. A resolución do delegado provincial poralle fin á vía administrativa. Contra esta resolución cabe recurso contencioso-administrativo, perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Administración educativa, no exercicio das súas competencias, poderá efectuar un seguimento e supervisión da realización das probas de acceso establecidas nesta orde.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

*ANEXO I*ACTA ACCESO AO PRIMEIRO CURSO DO GRAO ELEMENTAL DE MÚSICA

(Decreto 253/1993, do 29 de xullo)

CURSO ACADÉMICO: _____ CENTRO: _____

Nº	APELIDOS E NOME	ESPECIALIDADE	CUALIFICACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			

*ANEXO II*ACTA ACCESO A OUTROS CURSOS DO GRAO ELEMENTAL DE MÚSICA

(Decreto 253/1993, do 29 de xullo)

Nº	APELIDOS E NOME	ESPECIALIDADE	EXERCICIO A	EXERCICIO B	CUALIFICACIÓN GLOBAL
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 14 de abril de 2005 pola que se convoca o Premio Galicia-Medio Ambiente 2005.

A Consellería de Medio Ambiente é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuídas as competencias e funcións que en materia de ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.10º, 11º, 15º e 30º e 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Ademais, e de conformidade co disposto no Decreto 106/2004, do 27 de maio, en concreto, no artigo 8, punto 2º.2, realizará as funcións relativas á formación e consolidación dunha conciencia social para a protección e mellora do contorno.

O Premio Galicia-Medio Ambiente, creado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de xuño de 2003 a través do Decreto 293/2003, e regulado polo Decreto 31/2005, ten como finalidade potenciar unha cultura ambiental na comunidade autónoma, mediante o recoñecemento de empresas, concellos, universidades e centros de investigación, ademais de centros educativos non universitarios e asociacións ecoloxistas e naturalistas que traballen e destaquen na defensa dos valores ambientais en diferentes ámbitos da Comunidade Autónoma galega, así como promover a difusión de tales valores pola repercusión que estes premios teñen nos medios de comunicación e sobre a opinión pública.

En virtude do anterior, en consonancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e no uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto das axudas.**

Esta orde ten por obxecto premiar o traballo das empresas, concellos, universidades e centros de investigación, ademais de centros de educación non universitaria e asociacións ecoloxistas e naturalistas que desenvolvan un labor significativo no estudo, coidado e promoción do medio natural.

Artigo 2º.-Categorías e destinatarios.

O Premio Galicia-Medio Ambiente outorgarase nas seguintes categorías:

- a) Forestal e montes.
- b) Sustentabilidade e educación ambiental.
- c) Calidade ambiental.
- d) Conservación da natureza.
- e) Augas.

Os destinatarios serán as empresas, concellos, universidades, centros de investigación e centros de educación non universitaria e asociacións ecoloxistas e naturalistas, que poderán presentarse simultaneamente ás diversas categorías do premio.

Artigo 3º.-O premio.

O premio, en todas as súas convocatorias, dará dereito a unha placa acreditativa e levará consigo unha dotación económica de 6.000 euros para cada unha das modalidades. O premio concederase con cargo ás aplicacións orzamentarias 15.02.614-C.640.1, 15.05.342-A.640.1, 15.04.342-A.640.1, 15.03.342-A.640.2 e 15.50.342A-640.2.

Artigo 4º.-Participación.

1. As entidades que desexen acceder a estes premios deberán enviar unha memoria, co formato estipulado no punto c) do artigo 5º desta orde, para cada unha das categorías nas que participen, na que se describan e se acrediten os traballos realizados no transcurso do ano 2004 e os logros acadados relativos ao obxecto destes premios. No caso de grupos de traballo interdisciplinares que concorran á convocatoria, obrigatoriamente terá que figurar unha persoa xurídica como representante do grupo.

As materias específicas sobre as que versará o Premio Galicia-Medio Ambiente 2005, nas súas diferentes categorías serán as seguintes:

-Na categoría de forestal e montes: sustentabilidade da xestión forestal.

-Na categoría de sustentabilidade e educación ambiental: sustentabilidade e educación ambiental.

-Na categoría de calidade ambiental: integración paisaxística no medio, de proxectos rematados ou en execución

-Na categoría de conservación da natureza: conservación da natureza.

-Na categoría de augas: análise dos custos asociados da auga.

2. Os traballos serán orixinais e non terán sido premiados anteriormente, nin formarán parte total ou parcial doutros proxectos xa presentados ou en vías de presentación pública, así como se rexeitarán os que xa recibiran ou estean actualmente recibindo subvencións, sexan públicas ou privadas.

3. A Consellería de Medio Ambiente poderá solicitar información adicional á presentada e verificar calquera extremo referente á documentación achegada.

Artigo 5º.-Presentación e prazos.

a) Os participantes enviarán a documentación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Medio Ambiente, en sobre pechado, á Dirección Xeral de